



BOLETÍN INFORMATIVO Nº 36 – MARZO 08

ENDEREZOS DE OVICA

Lugo 1: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno.: 982 284111 Fax: 982 231 203

Lugo 2: Pazo de Feiras e Congresos de Lugo - O Palomar s/n - 27004 Tfno.: 982 245 142

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32.660 – Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: ovica@ovica.org

Páxina web: www.ovica.org

OVICA PRESTARÁ SERVICIOS COMO ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN

Como ben sabedes, o 30 de abril remata o prazo da Solicitud Unificada 2008, na que ademais de solicita-lo pago das primas de ovino e caprino, dos dereitos de pago único, dos cereais e das indemnizacións compensatorias, podedes subscribi-lo CONTRATO DE EXPLOTACION SUSTENTABLE (CES).

Os requisitos básicos para poder solicitalo CES son:

- No caso de explotacións gandeiras, ser **Agricultor Profesional**, que requira polo menos un volume de traballo de **1 UTA** (Unidade de Traballo Anual) e que un **25%** da renda sexa provinte da actividade.
- A carga gandeira media dos 6 meses anteriores o inicio da solicitude de cada convocatoria (este ano é o 1 de febreiro) debe ser **Inferior a 2 UGM/ha**.
- Mante-la actividade por un período de **5 anos**.
- Comprometerse a levar unha **contabilidade**.
- Cumprir os requisitos legais de xestión relativos a saúde pública, sanidade animal e vexetal, ambiente e benestar animal e as boas condicións agrarias e ambientais, ademais dos **compromisos** específicos das liñas contratadas no CES.
- Controlar a existencia de **biomasa vexetal** nas superficies forestais da explotación, de acordo coa Lei 3/2007 de Prevención de Incendios en Galicia.
- Comprometerse a empregar, no prazo de 6 meses desde a aprobación, os **servizos técnicos dunha entidade de aconsellamento ou de xestión** recoñecida pola Consellería do Medio Rural.

Con relación a este último punto e para poder atender as crecentes demandas dos seus asociados en relación á contratación obrigatoria de asesoramento técnico para o CES dunha entidade recoñecida, OVICA esta realizando os trámites necesarios para obter ese recoñecemento por parte da Consellería do Medio Rural.

Polo tanto, todos aqueles socios interesados en subscribi-lo CES que se poñan en contacto cos técnicos de OVICA para concreta-las explotacións interesadas en recibir ese asesoramento de OVICA e, en calquera caso, para informarse das posibles liñas que pode solicitar, os importes a percibir, a superficie necesarias e calquera outra dúbida que puidera xurdir.

MANEXO E ALIMENTACIÓN

Na primavera a maioría das reproductoras están en lactación, un período crítico no que temos que proporcionar a mellor alimentación. Debemos ofrecerlles os mellores pastos e suplementar con penso ou cereais.

Deste xeito, a boa alimentación e un bo estado de carnes permitirán unha boa produción de leite das nais, co que obteremos mellores anos e cabritos de cara a venda.

RAZAS: TEXEL



Orixe: da illa holandesa do mesmo nome, finais s.XIX – principios s.XX, a partir do cruce de varias razas (Leicester, Lincoln...). Moi estendida actualmente por Europa, Sudamérica e Oceanía.

Características: Raza rústica, de gran tamaño, excelente desenvolvemento muscular, Femias: 75-80 kg, machos ata 130 kg.

Producción: elevada prolificidade (>160%), excelente aptitude cárnica e boa leiteira (ata 2 litros/día), elevado peso ó nacemento e produción de canais pesados e magros, de elevado rendemento (61%).

Gran produción de lã, vellón branco abundante e de boa calidade

Moi usada en cruces para mellora-la produción cárnica e leiteira doutras razas.



CAIXA RURAL GALEGA

COMPRA - VENTA

- Véndese explotación de ovino/caprino, zona de Valdeorras, 350-400 cabras, nave 1.200 m², maquinaria, oficina, enfermería, 58 Has de terreo. Tfno.: 988 335701
- Véndese rabaño de 287 dereitos e 240 ovellas en Sarria. Tfno.: 615 666 533 – 982 530 367
- Véndese rebaño 300 ovellas e dereitos. Josefa (Xinzo de Limia) Tfno.: 652 619 913
- Véndese rebaño 85 ovellas con años e 108 dereitos. Información: 982 177906 (Xermade)
- Véndense 25/30 ovellas. Información no teléfono 685 194 487
- Véndense 30 ovellas e 16 dereitos, zona de Santiago. Urxe! Tfno.: 981 699 105 (Avelino)
- Véndense 25 ovellas e 60 dereitos. Tfno.: 982 362555
- Véndense 15 ovellas con años e 18 dereitos. Tfno.: 982 157931
- Véndense machos Berrichon e Charolés (Cospeito) Tfno.: 636 793 390
- Véndense 70 cabras preñadas e cabritos, e 90 dereitos. Tfno.: 982 157544 – 660908915
- Véndense 100-150 cabras e 40 cabritas de recría. (Láncara- Lugo) Tfno.: 630 589 097
- Véndese esterco de cabra en Castro Caldelas (Ourense) Tfno.: 659 083 339
- Véndese herba enrolada. Calvos de Randín (Ourense) Tfno.: 629 756 129
- Cómpranse 70 ovellas con urxencia!! (Riós - Ourense) Tfno.:699515051 Rosario
- Cómprase rebaño de cabras de carne. (José Ramón) Tfno.: 677 251 300
- Cédense ata 200 dereitos. Pilar (Maceda - Ourense) Tfno.: 649882625
- Transfírense 100 dereitos (Guntín) Tfno.: 982 176794

FORMACION

Técnicos de OVICA participaron no seminario “Convivindo co lobo: prevención de danos en Europa Meridional” que se celebrou en Segovia o 28 e 29 de febreiro, organizado pola Fundación Oso Pardo i enmarcado dentro do proxecto LIFE COEX, e no que sacaron conclusións importantes de cara á unha mellor política de prevención de danos.

O pasado 27 de febreiro de 2008 OVICA organizou, no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, a “I Xornada Técnica de Caprino de Leite” coa colaboración da Consellería do Medio Rural. A xornada foi dirixida os produtores e demais axentes interesados. O evento encadrase dentro do proxecto de dinamización do sector ovino e caprino leiteiro galego. A inauguración foi a cargo de D. Emilio López Pérez (Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural) e a clausura a cargo de D. Antonio Oca Fernández (Director Xeral de Producción, Industrias e Calidade Agroalimentaria). Deste xeito demostrábase o compromiso da Xunta de Galicia en prol do sector.

Proximamente realizarase en Allariz un **Curso de Ovino e Caprino de 250 horas**, valido para a obtención do Certificado de Aptitude Empresarial Agraria. Os interesados poden informarse contactando con OVICA ou coa Fundación Ramón González Ferreiro (988436182)

Igualmente, nas próximas datas, organizarase un **Curso de Tosquiado** que se celebrará en Ortigueira, cunha duración de 2 días. Os interesados en asistir que contacten con OVICA.

AXUDAS

PLANS DE MELLORA e INCORPORACIÓNS

O 22 de febreiro a Consellería de Medio Rural publicou no DOG (nº 38) a Orde do 15 de febreiro de 2008, das axudas para a mellora da eficiencia e sustentabilidade das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos agrarios

DANOS OCASIONADOS POR XABARIL

Igualmente, o 21 de febreiro de 2008 a Consellería de Medio Ambiente e DS publica no DOG a Orde do 8 de febreiro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para paliar os danos producidos polo xabaril.

ACIVO

O pasado mes de febreiro, a ASDG ACIVO puxo en marcha o **Servizo de distribución de medicamentos** ós seus socios. O servizo está resultando moi positivo, pois supón un aforro en desprazamentos e unha mellora na calidade do transporte dos produtos. Polo tanto hai que felicita-lo traballo realizado polo equipo de veterinarios.

Para calquera consulta ó respecto poñédevos en contacto co veterinario da ASDG ACIVO da zona.



ADSG ACIVO
Agrupación de Defensa Sanitaria Gandeira
de ovino e caprino de Galicia

OVICA
evolución na calidade